

Cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega (CELGA)

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional vén de convocar no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 26 de xuño de 2024, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega (Celga) en varias escolas oficiais de idiomas da Galicia.

Os cursos terán carácter **gratuíto**. Impartiranse entre setembro de 2024 e maio de 2025 (consultar lugares de impartición e datas na convocatoria do DOG no enlace que se sinala máis abaixo)

Persoas beneficiarias:

- Cursos de linguaxe administrativa galega.
 - **Persoal das diferentes administracións públicas de Galicia** excepto persoal docente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o persoal sanitario.
 - **Persoas maiores de 16 anos** que non sexan empregadas públicas e posúan os certificados ou acreditacións necesarias para acceder a cada un dos cursos. Neste suposto só se poderá optar ás prazas no caso de que non sexan cubertas por empregados/as públicos/as.
- Cursos preparatorios para os certificados de lingua galega (Celga).
 - **Persoas maiores de 16 anos** ou aquelas que os fagan no ano natural da convocatoria, que desexen preparar as probas convocadas pola Secretaría Xeral da Lingua para certificar a súa competencia en lingua galega.

As persoas que desexen participar nos cursos convocados deberán cubrir o formulario de inscrición telemática no enderezo www.eoidigital.com/preinslinguagalega

Unha vez rematado o proceso de asignación de prazas, o alumnado seleccionado deberá entrar de novo na aplicación para presentar a documentación que se especifica na resolución do DOG.

Prazo de presentación de solicitudes:

- Cursos do primeiro cuadrimestre: 01- 12 xullo 2024
- Cursos do segundo cuadrimestre: 11 - 22 novembro 2024.

ENLACE Á CONVOCATORIA DO DOG:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240626/AnuncioG0761-200624-0001_gl.pdf

ENLACE PARA DESCARGAR O FORMULARIO:

www.eoidigital.com/preinslinguagalega

MÁIS INFORMACIÓN:

EOI A Coruña	981279100
EOI Ferrol	881938400
EOI Santiago de Compostela	881867901 / 881867902
EOI Lugo	982829230
EOI Ourense	988366073
EOI Pontevedra	886159116
EOI Vigo	986260210
EOI Vilagarcía de Arousa	986566440

OU CONTACTAR COA ORIENTADORA LABORAL

CASA DE PEDRA 981737004 / 881982158

margarita.seijas@camarinas.net

LUNS A VENRES: 9:00 - 14:00